



## **SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL DE 14 DE SETEMBRO DE 2015**

Na Casa do Concello de Ferrol, sendo as trece horas e corenta minutos do día arriba indicado reuniuse o Pleno da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ferrol, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia de Jorge Juan Suárez Fernández, Alcalde de Ferrol, e a asistencia das seguintes persoas:

- Concello de Ares: Julio Ignacio Iglesias Redondo, Alcalde.
- Concello de Cabanas: Germán Castrillón Permuy, Alcalde.
- Concello de Cedeira: Pablo Diego Moreda Gil, Alcalde
- Concello de Fene: Juventino José Trigo Rey, Alcalde.
- Concello de Ferrol: Beatriz Sestayo Doce, Segunda Representante do Concello de Ferrol.
- Concello de Mugardos: Juan Domingo de Deus Fonticoba, Alcalde.
- Concello de Narón: José Manuel Blanco Suárez, Alcalde.
- Concello de Neda: Ángel Alvariño Saavedra, Alcalde.
- Concello de Valdoviño: Alberto González Fernández, Alcalde.

Asistidos polo Secretario Leopoldo Moure García e polo Xerente Luis Alcalá Baillie, ao obxecto de celebrar sesión ordinaria.

### **1. Lectura e aprobación, se procede, das actas de sesións anteriores.**

Por unanimidade das persoas asistentes quedan aprobadas as actas da sesión de constitución de 13 de xullo de 2015, da sesión ordinaria de 13 de xullo de 2015 e da sesión ordinaria do 10 de agosto de 2015.

### **2. Contratación do servizo de xestión de residuos voluminosos.**

Dáse conta de celebración da Mesa de Contratación na que, en acto público, se presentou o resultado do informe técnico do sobre "B" e se procedeu a abrir o sobre "C".

### **3. Proposta de prórroga do contrato do xerente.**

Examinada a proposta que eleva o Presidente da Mancomunidade que textualmente di:

#### ***"Ao Pleno da Mancomunidade***

*Con data de 12 de abril de 2010 o Pleno da Mancomunidade acordou contratar a Luis Alcalá Baillie a través dun contrato de alta dirección para o posto de Xerente de conformidade coa proposta da comisión cualificadora e coas bases do proceso selectivo aprobadas por esta Mancomunidade.*

*O contrato suscrito con data 11 de maio de 2010 entre a Mancomunidade e o traballador estipula na súa cláusula segunda que dito contrato expirará o 1 de outubro de 2011, coa posibilidade de prórroga nas condicións que se establezan no caso, iniciando a súa vixencia o día da toma de posesión efectiva do cargo por parte do traballador.*

*Con data 12 de setembro de 2011 o pleno da Mancomunidade acordou por unanimidade prórroga o contrato nas condicións vixentes ata o 1 de outubro de 2012.*

*Con data 19 de novembro de 2012 o pleno da Mancomunidade acordou por unanimidade ratificar o decreto da Presidencia de 13 de setembro de 2012 polo que se resolve prórroga o contrato nas condicións vixentes ata o 1 de outubro de 2013.*

*Con data 9 de setembro de 2013 o pleno da Mancomunidade acordou por unanimidade*



*prorrogar o contrato nas condicións vixentes ata o 1 de outubro de 2014.*

*Con data 29 de setembro de 2014 o Pleno da Mancomunidad acordou por unanimidade prorrogar o contrato nas súas condicións vixentes ata o 1 de outubro de 2015.*

*Visto o correcto desenvolvemento das funcións propias da xerencia e a necesidade de continuar coa súa realización,*

**PROPOÑO:**

*Prorrogar o contrato de alta dirección de Luis Alcalá Baillie como Xerente da Mancomunidad nas súas condicións actuais ata o 1 de outubro de 2016.*

*Ferrol, 9 de setembro de 2015,*

*O Presidente da Mancomunidad*

*Asdo.: Jorge Juan Suárez Fernández*

As persoas asistentes acordan por unanimidade aprobar a proposta arriba transcrita.

- 4. Orde do 30 de xullo de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública dos premios Cooperera Galicia Entidades Locais 2015 para impulsar e difundir as iniciativas de asociacionismo municipal mediante a distinción pública dos proxectos piloto de xestión compartida de servizos promovidos por agrupacións de concellos, mancomunidades, consorcios locais e áreas metropolitanas da Comunidade Autónoma de Galicia.**

Examinada a Orde do 30 de xullo de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública dos premios Cooperera Galicia Entidades Locais 2015, as persoas asistentes acordan por unanimidade aprobar o proxecto piloto de xestión compartida da casa de acollida e aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nesta orde.

**5. Impulso e seguimento de servizos e proxectos**

O xerente informa de que, de conformidade co acordado na sesión plenaria de 10 de agosto, solicitouse á Asociación Galega de Apicultura unha proposta para a redacción do convenio, e indicou que de acordo coas conversacións mantidas con esta entidade o obxecto do convenio sería por un lado a formación do persoal municipal que integre os grupos de acción para combater a vespa velutina, e por outro o labor de divulgación á cidadanía. Luis Alcalá explicou que tamén se solicitou á entidade que informase dos convenios subscritos individualmente cos concellos que compoñen a Mancomunidad para observar a complementariedade.

**6. Rogos e preguntas**

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia declara levantada a sesión, sendo as dezanove horas, de todo o que, como Secretario, DOU FE.

O Presidente da Mancomunidad

O Secretario da Mancomunidad

Asdo: Jorge Juan Suárez Fernández

Asdo: Leopoldo Moure García

